

MARÍA JESÚS ROMERO CHILLÓN, SECRETARIA DO CONCELLO DE VILARDEVÓS (OURENSE)

CERTIFICO:

Que O Pleno municipal en sesión ordinaria do 25 de maio de 2026, adoptou o seguinte ACORDO:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO AS VIVENDAS MUNNICIPAIS DESTINADAS A VIVENDAS SOCIAIS

Vista a Ordenanza fiscal reguladora do por acceso as vivendas municipais destinadas a vivendas sociais do Concello de Vilardevós , publicada a súa aprobación definitiva no Bop de Ourense n.º 2 de 05/01/2026.

Considerando a necesidade de modificar a sinalada ordenanza ben para correixr erros involuntarios, ben para adaptala as modificacións da Ordenanza fiscal , ou ben para regular omisións.

Examinado o expediente, sométese a consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora do acceso ao uso das vivendas municipais destinadas a vivendas sociais, *coa redacción que a continuación se recolle:*

Artigo 5.4 Circunstancias económicas pasar a 5.5, Circunstancias económicas, por estar duplicada a numeración 5.4.

Artigo 8.- Procedemento de selección

Unha vez puntuadas as solicitudes polos servizos sociais municipais, confeccionarase unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente e os excluídos con indicación da causa de exclusión. Esta lista publicarase no taboleiro de anuncios do concello, e os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 10 días naturais desde a súa publicación.

Unha vez vistas as alegacións e, de ser o caso, a documentación achegada, confeccionarase a lista definitiva de admitidos, que se ordenará de maior a menor puntuación.

En caso de empate na puntuación, resolverase a favor de quen leve máis tempo empadroado no concello e, en segundo lugar, quen teña unha maior puntuación polos ingresos. Se persiste o empate resolverase por sorteo.

Unha vez confeccionada a lista definitiva, os Servizos Sociais Municipais emitirán un informe preceptivo no que se proporá o canon a satisfacer en cada suposto, en función da situación da unidade familiar e/ou persoa solicitante.

Emitido o informe oportuno polos Servizos Sociais, en Xunta de Goberno acordarase a cesión social a favor das persoas solicitantes, concretando o canon correspondente.



O concello seleccionará para a cesión da/s vivenda/s seguindo a orde da lista confeccionada.

Se o seleccionado renuncia a cesión da vivenda antes de formalizar o contrato, seleccionárase ao solicitante que quedase en primeiro lugar na relación definitiva de admitidos.

Se así se indica na correspondente convocatoria, a lista definitiva poderá ter vixencia para facer unha nova selección en caso de renuncia posterior do seleccionado ou incumprimento das condicións esixidas, así como para posteriores convocatorias de novas vivendas.

Naqueles supostos nos que se precise a urxente ocupación dunha vivenda social, e algunha propiedade do concello estea dispoñible, e previo informe acreditativo da urxencia, emitido polos servizos sociais do concello, poderá autorizarse provisionalmente, mediante Decreto da Alcaldía, a entrada en Vivenda Social, dándose inmediatamente despois inicio ao procedemento establecido no artigo 6 desta ordenanza, para a súa resolución definitiva.

Pasar a :

Artigo 8.- Procedemento de selección

Unha vez puntuadas as solicitudes pola comisión de valoración (Integrada por a titular dos servizos sociais municipais e o/a titular da secretaria-intervención), confeccionárase unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente e os excluídos con indicación da causa de exclusión. Esta lista publicarase no taboleiro de anuncios do concello, e os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 10 días naturais desde a súa publicación.

Unha vez vistas as alegacións e, de ser o caso, a documentación achegada, confeccionárase a lista definitiva de admitidos, que se ordenará de maior a menor puntuación.

En caso de empate na puntuación, resolverase a favor de quen leve máis tempo empadroadado no concello e, en segundo lugar, quen teña unha maior puntuación polos ingresos. Se persiste o empate resolverase por sorteo.

Unha vez confeccionada a lista definitiva, a Comisión de valoración emitirán un informe preceptivo no que se proporá o canon a satisfacer en cada suposto, en función da situación da unidade familiar e/ou persoa solicitante.

Emitido o informe oportuno, en Xunta de Goberno acordarase a cesión social a favor das persoas solicitantes, concretando o canon correspondente.

O concello seleccionará para a cesión da/s vivenda/s seguindo a orde da lista confeccionada.

Se o seleccionado renuncia a cesión da vivenda antes de formalizar o contrato, seleccionárase ao solicitante que quedase en primeiro lugar na relación definitiva de admitidos.

Se así se indica na correspondente convocatoria, a lista definitiva poderá ter vixencia para facer unha nova selección en caso de renuncia posterior do seleccionado ou incumprimento das condicións esixidas, así como para posteriores convocatorias de novas vivendas.

Naqueles supostos nos que se precise a urxente ocupación dunha vivenda social, e algunha propiedade do concello estea dispoñible, e previo informe acreditativo da urxencia, emitido polos servizos sociais do concello, poderá autorizarse provisionalmente, mediante Decreto da Alcaldía, a entrada en Vivenda Social, dándose inmediatamente despois inicio ao



procedemento establecido no artigo 6 desta ordenanza, para a súa resolución definitiva

As vivendas disponibles serán ocupadas de esquerda a dereita, tomando como referencia a fachada principal.

- Se ocuparán edificios completos, constando cada un deles de 2 vivendas apareladas.
- O proceso de adxudicación será mediante sorteo entre as familias receptoras.

Artigo 9 1.- Os/As beneficiarios/as das vivendas destinadas a cubrir necesidades sociais aboaranlle ao Concello de Vilardevós un canon mensual, dirixido a cubrir os gastos de conservación e mantemento dos inmobles.

2.- O canon mensual virá determinado segundo a capacidade económica da unidade de convivencia. Esta capacidade económica virá determinada tal e como establece o artigo 5 punto 4. Establecendo os seguintes tramos:

Entre o 0.75% e o 0.95% do IPREM: 75€/mes
Entre o 0.95% e o 1.10% do IPREM: 100€/mes
Entre o 1.10% e o 1.30% do IPREM: 150€/mes
Superior ó 1.30% do IPREM: 200€/mes

**IPREM: o indicador público de Renta de efectos múltiple do ano en vigor por 14 pagas.*

3.- Non casos nos que non se cumpran os ingresos mínimos da unidade de convivencia establecidos no artigo 3 punto 8, pasará a estar nunha situación de necesidade social e, por tanto o canon a pagar fixarase segundo o ingresos netos da unidade de convivencia aportando un 20% dos mesmos. Esta situación poderá ser revisada según os criterios sociais.

4.- Con carácter xeral, o canon mensual será o prevista na Ordenanza, incrementáanse anualmente segundo o IPC (índice de prezos ao consumo).

5.-O pagamento do canon farase efectivo nos 10 primeiros días de cada mes.

6.- O contrato terá unha vixencia de tres anos, revisándose anualmente para comprobar que subsisten as mesmas circunstancias que se tiveron en conta para a adxudicación da vivenda social en cesión.

quedando :

Artigo 9 1.- Os/As beneficiarios/as das vivendas destinadas a cubrir necesidades sociais aboaranlle ao Concello de Vilardevós un canon mensual, dirixido a cubrir os gastos de conservación e mantemento dos inmobles.

2.- O canon mensual virá determinado segundo a capacidade económica da unidade de convivencia. Esta capacidade económica determinarase dividindo os ingresos totais da unidade familiar polo número de membros da unidade familiar.

Establecendo os seguintes tramos:



- 1.-Ata o 74% do IPREM : 55€ /mes
2. Entre o 0.75% e o 0.94% do IPREM: 75€/mes
3. Entre o 0.95% e o 1.09% do IPREM: 100€/mes
4. Entre o 1.10% e o 1.30% do IPREM: 150€/mes
5. Superior ao 1.30% do IPREM: 200€/mes

**IPREM: o indicador público de Renta de efectos múltiple do ano en vigor por 14 pagas.*

3-. Con carácter xeral, o canon mensual será o prevista na Ordenanza, incrementáanse anualmente segundo o IPC (índice de prezos ao consumo).

4-.O pagamento do canon farase efectivo nos 10 primeiros días de cada mes.

5-. O contrato terá unha vixencia de tres anos, revisándose anualmente para comprobar que subsisten as mesmas circunstancias que se tiveron en conta para a adxudicación da vivenda social en cesión.

SEGUNDO. Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo *de trinta días* para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

E para que conste expido o presente certificado co visto e praxe da Sra. Alcadesa-Presidenta D^a Tamara Balboa García , cas salvedades do artigo 206 do ROF,, en Vilardevós na data da sinatura.

Visto e praxe

A Alcadesa

A Secretaria

Asdo.- Tamara Balboa García

